



## **XUNTA DIRECTIVA EXTRAORDINARIA 04 SETEMBRO 2020**

Reunidos nas oficinas de ADERCOU, sitas no CET. Camiño do Pontón 25, 32890 Barbadás. Ourense ás 09:45 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda convocatoria do día 04 de setembro de 2020, e estando presentes os membros da Xunta Directiva sinalados no anexo I (cumprindo o cuorum), comenzase a reunión coa seguinte orde do día:

Por parte do presidente dálle a ben vida os asistentes, e comézase a reunión co primer punto da orde do día as 10:00 h.

### **1. LECTURA E APROBACIÓN DO ACTA ANTERIOR (03 de xullo de 2020)**

O Presidente expón a todos os membros da Xunta Directiva que dispoñen de copia da acta anterior que se lle remitiu xunto coa convocatoria, pregúntalle aos asistentes se queren facer algunha modificación ou alegación da acta. Todos comunican a súa aprobación e conformidade quedando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN POR PARTE DA XUNTA DIRECTIVA DO GDR11 ADERCOU DOS PROXECTOS DA MEDIDA LEADER DE GALICIA. CONVOCATORIA DE PROXECTOS DA (SUBMEDIDA19.2) 2020-2021, PRODUCTIVOS**

O Presidente informa aos membros da Xunta Directiva que non foi posible facer antes esta reunión de Xunta Directiva Extraordinaria ca proposta de resolución dos proxectos produtivos das anualidades 2020-2021, debido a que desde Agader aínda no nos chegase a Resolución pola que se amplia a dotación orzamentaria para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 da medida Leader, para as anualidades 2020 e 2021. A ampliación/remanente orzamentario da submedida 19.2, e por un importe total de 98.136,00€.

A xerente diríxese aos membros da xunta directiva decindo que presentados todos os proxectos productivos que entran nesta convocatoria 2020-2021 enumerando os proxectos productivos aprobados, que na súa totalidade son dous, xa que o ser un deles unha residencia xeriátrica esgota case todo o

orzamento, o outro proxecto e unha inversión de compra de maquinaria, para optimización e modernización nunha empresa de madeira.

Na lista de agarda quedan 9 proxectos, nesta lista explica aos presentes que só concurren sé algún dos anteriores se da de baixa, senón o próximo ano os expedientes da anualidade 2019 quedan fora. Quedan fóra desta convocatoria os expedientes con ICE desfavorable, Desistencia por parte do promotor, e todos expedientes da anualidade do 2018, que son 6 en total, que xa concorreron en dúas convocatorias.

A Xerente tamén informa de que o noso GDR11 ten máis propostas de promotores de solicitude de subvención, pero de momento non temos máis Fondos Orzamentados.

A Xerente explica aos membros da Xunta Directiva asistentes decindo que presentados todos os proxectos productivos que entran nesta convocatoria 2020-2021, procedese a cubrir o Formulario de Declaración de Intereses para Membros da Xunta Directiva, explicándolles como é o procedemento para cubrir dito Formulario.

Por parte do Presidente faise unha única proposta de selección de proxectos sendo aprobada por unanimidade dos asistentes a esta Xunta Directiva.




**ANEXO IV: LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUCTIVOS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L19-1920-11-0107	CONSTRUCCIÓN APARTAMENTOS TURÍSTICOS	FINCA BARBADAS, S.L	703.578,74	45,50%	56
L19-1920-11-0113	ADECUACIÓN DE PARCELA PARA ALMACENAMIENTO CONTENEDORES Y VEHÍCULOS	CARIDETRANS, S.L	56.430,09	49,00%	63
L19-1920-11-0115	AGROTURISMO CASA SOUTO	CELSO IGLESIAS PEREIRA	333.817,60	50,00%	66
L19-1920-11-0118	AMPLIACIÓN FABRICACIÓN PRODDUCTOS CARNICOS ELABORADOS	PRECIOSA GONZÁLEZ ALVAREZ	48.807,00	45,00%	55
L19-1920-11-0121	PROFESIONALIDADE E EFICIENCIA	MADERAS RUBÉN SLU	248.193,60	49,00%	71
L19-1920-11-0122	CONSTRUCCIÓN INVERNADERO PARA PUNTO DE VENTA PLANTAS DE INTERIOR	BRAÑA SCL	28.640,00	49,00%	63
L20-1920-11-0139	PROYECTO IMPLEMENTACIÓN INFORMÁTICA DE DESARROLLO DE PRODUCCIÓN Y COMERCIALIZACIÓN	LISARDO GONZÁLEZ, S.L	19.824,00	50,00%	71
L20-1920-11-0148	NAVE EN PARCELA P80 Y MAQUINARIA	HOSFRI OURENSE S.L	145.709,29	43,50%	52
L20-1920-11-0149	A CASA DA FONTE	JUAN CARLOS CORTES FERREIRO	252.293,69	50,00%	66

**ANEXO VI: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DE AXUDA**

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L18-1920-11-087	CONSTRUCCIÓN DE NAVE	6	CONCORRE EN DÚAS CONVOCATORIAS
L18-1920-11-083	ADQUISICIÓN MAQUINA LAVADORA METALES	6	CONCORRE EN DÚAS CONVOCATORIAS
L18-1920-11-099	CAMPO PITCH-PUTT MINI GOLF OURENSE	6	CONCORRE EN DÚAS CONVOCATORIAS
L18-1920-11-0101	ACHEGA ESTUDIO DE COMUNICACIÓN	6	CONCORRE EN DÚAS CONVOCATORIAS
L18-1920-11-0102	DESTILERIA SUBLIMATUN	6	CONCORRE EN DÚAS CONVOCATORIAS
L18-1920-11-0105	OBRADOR DE CONSERVAS	6	CONCORRE EN DÚAS CONVOCATORIAS
L20-1920-11-0134	ARDAI EDUCACIÓN Y TERAPIA	6	ICE DESFAVORABLE ART.69.6
L20-1920-11-0141	LAREIRA DE COTECADELA,S.L	1	ICE DESFAVORABLE DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA
L20-1920-11-0145	INES LAMELAS GUTIN	1	ICE DESFAVORABLE DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA
L20-1920-11-0146	LAREIRA DE CORTECADELA, S.L	1	ICE DESFAVORABLE DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA
L20-1920-11-0150	GRUPO 2021 RAMIRAS SL	1	ICE DESFAVORABLE DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA
L20-1920-11-0151	MATIAS EZEQUIEL PARADA	6	O PROMOTOR DESISTIU MODELO VIII



**Motivos:**

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións

### 3. DACCIÓN DE CONTA

- Toma a palabra a Xerente informando aos membros da Xunta Directiva que nesta anualidade 2020, achegase un orzamento aprobado para o GDR11 Adercou, dende a Secretaría Xeral de Igualdade para desenvolver as actividades do Pacto de Estado de Loita contra a Violencia de Xénero. As actividades que se van a propoñer vanse a desenvolver nas escolas/colexios rurais do territorio Adercou. Co fin de actuar dende a infancia e dende as escolas/colexios para concienciar aos alumnos/as da eliminación de actividades violentas ou discriminatorias entre nenos/as á hora de xogar no patio dos colexios. Para poñer en marcha este proxecto contamos coa colaboración da única escola de fútbol feminina da provincia de Ourense. As actividades a desenvolver son as seguintes:
  - Vaise a remitir a todos os Centros Escolares un Vídeo das xogadoras de diferentes idades.
  - Charlas-coloquios que se levarán a cabo nos colexios co profesor e alumnos que desexen participar, a dita charla asistirán tres persoas do equipo EFF Rosalía que entregarán algún obxecto do clube para a sensibilización.
  - Vaise facer unha invitación aos colexios rurais do territorio Adercou para participar nun concurso de murais.
- A Xerente informa aos membros da Xunta Directiva que os Concellos interesados en participar no proxecto da Plataforma online de Produtores e Venda de Produtos Agroalimentarios do Territorio GDR11, que son oito en total. Os Concellos que van a participar neste proxecto, xa nos enviaron o listado dos produtores interesados na Plataforma, os cales vamos a convocar a unha reunión ca empresa da Plataforma para que lles expliquen os termos e condicións da venda dos produtos online na Plataforma Eprox.
- A Xerente explica aos membros da Xunta Directiva que temos a proposta de realizar un curso con AGACAL de Normas Técnicas de Artesanía Alimentaria a nivel provincial. A proposta do curso dende a provincia de Ourense é a Mel.

- O Presidente informa aos membros da Xunta Directiva que dende Agader xa remitiron a Verificación do ICE/ITE Favorable dos seguintes proxectos de Promoción do Territorio:
  - SEMINARIOS FORMATIVOS TEORICO-PRACTICOS PARA EL MANEJO DE FINCAS ECOLÓGICAS. (EXPTE.Nº L20-1940-11-B0152)
  - GUÍA DE PROXECTOS DE ADERCOU LEADER 2014-2020. (EXPTE.Nº L20-1940-11-B0153)

Votan a favor todos os presentes, quedando este punto aprobado por unanimidade.

#### 4. ROGOS E PREGUNTAS.

Preguntados os asistentes polo señor Presidente si existe algún rogo ou pregunta, non habendo nada máis que engadir dase por finalizada a presente reunión de Xunta Directiva levántanse a sesión as 11:00 horas

Vto e prace

**ADERCOU**  
PRESIDENCIA

Asdo. Manuel Seoane Rodríguez

Presidente Adercou

Asdo. César Blanco Gómez

Secretario Adercou